



TURISMO
DE
GALICIA

galicia

CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Datos provinciais
Outubro 2025



PROVINCIA DE A CORUÑA

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	%	Var. Int. 25/24
HOTEIS	175.352	9,1%	304.697	6,1%	1,74	-2,7%	53,89%	3,72
PENSIÓNS	54.342	-25,2%	81.807	-22,3%	1,51	3,9%	37,25%	-6,31
ESTAB. HOTELEIROS	229.694	-1,6%	386.504	-1,5%	1,68	0,1%	49,24%	1,03
APTOS. TURÍSTICOS	11.557	11,3%	23.299	3,1%	2,02	-7,4%	26,18%	2,33
CAMPINGS	5.499	64,4%	8.316	71,3%	1,51	4,1%	14,34%	6,29
TURISMO RURAL	8.077	20,1%	11.500	18,7%	1,42	-1,1%	26,40%	4,24
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	25.133	22,9%	43.115	16,1%	1,72	-5,6%	-	-
TOTAL	254.827	0,4%	429.619	0,0%	1,69	-0,4%	-	-

- Na provincia de A Coruña rexístranse neste mes de outubro 255 mil viaxeiros aloxados e 430 mil pernoctacións no conxunto da oferta de aloxamento -hoteles, pensións, apartamentos turísticos, cámpings e aloxamentos de turismo rural-, cifras que presentan unha evolución parella en relación ao pasado ano. En particular, o número de noites mantense estable nun contexto de estabilidade similar tanto da cifra de viaxeiros aloxados como da estadía media.
- Con esta dinámica A Coruña mantén o comportamento observado nos últimos dous meses -de estabilidade da demanda- e contrasta coa evolución positiva rexistrada nos catro meses anteriores, e tamén en xaneiro e febreiro. No que vai de ano só se rexistrou caída en marzo. Son, por tanto, sete meses consecutivos -e nove no que vai de ano- de dinámica non negativa.
- Neste punto o comportamento de A Coruña, a pesar da estabilidade, mellora a media do conxunto de Galicia -onde se rexistra unha caída global do 2,6%-.
- Co 43% do total da comunidade A Coruña é a provincia de maior volume e peso da demanda en Galicia neste mes de outubro. Ocupa novamente neste ano este posto, igual que en setembro e no primeiro semestre, substituíndo a Pontevedra -que liderou o mercado na comunidade no verán-. Tal circunstancia é propia, en realidade, dun mes de temporada media -e así aconteceu tamén no primeiro e segundo trimestre de 2025- pois no verán é Pontevedra a provincia de maior volume e peso en Galicia.
- A estabilidade da demanda na provincia de A Coruña vén como consecuencia de contrapoñer comportamentos dispares a nivel das diferentes tipoloxías, sendo maioría as que presentan dinámica positiva. Así en outubro increméntase o número de noites en todas as



modalidades agás nas pensións -que rexistran unha caída do 22%- , circunstancia que iguala en volume o crecemento das restantes tipoloxías.

- Os incrementos son de diversa intensidade, máis suaves nos apartamentos turísticos -da orde do 3%- e nos hoteis -do 6% interanual-, e máis acusados nos cámpings -que superan en máis dun 70% o nivel de demanda do pasado ano-.
- Neste contexto apréciase que en A Coruña as pensións rexistran o peor comportamento da demanda de toda Galicia. Os cámpings e aloxamentos de turismo rural amosan, en cambio, o mellor comportamento en toda a comunidade.
- En A Coruña o 90% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro -un 71% nos hoteis e un 19% nas pensións-. O 10% restante repártese entre as tres modalidades extrahoteleiras, cun peso algo superior para os apartamentos turísticos -absorben o 5,4%- fronte aos cámpings -co 1,9%- e os aloxamentos de turismo rural -co 2,7% do total neste caso-. Esta distribución é propia dun período de temporada media e cambia en relación á observada no verán no sentido de que gaña peso novamente o segmento hoteleiro - particularmente os hoteis- e perden cuota os cámpings -tipoloxía que no período estival chegou a representar o 20% do total-.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase que o 56% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional, porcentaxe que inclúe ao mercado interno, dos residentes en Galicia -supón tan só o 15%- e ao receptor nacional, españois que proceden doutras comunidades autónomas -segmento que representa o 41% do total da demanda-. O 44% das noites na provincia corresponde ao turismo internacional, segmento maioritario que supera en volume e peso aos dous de orixe nacional.
- Con esta distribución apréciase que, en realidade, o 85% da demanda na provincia de A Coruña corresponde ao mercado receptor, procedente de fóra de Galicia -cun 44% para o estranxeiro-.
- Neste ámbito concreto obsérvase un comportamento variable dos tres grandes segmentos de mercado. Así, neste mes increméntase unicamente o turismo receptor nacional, dos españois residentes fóra de Galicia -nun 6% o número de noites- e descende, en cambio, o turismo interno -nun 4%- e o internacional -nun 7% neste caso-.
- A Coruña é novamente a provincia con menor peso do mercado interno e, en paralelo, a que presenta maior cuota do mercado internacional. Ao mesmo tempo sitúase como unha das provincias con menor peso do mercado receptor nacional -o turismo procedente do resto do Estado-, co 41% do total-. Absorbe ademais boa parte do turismo estranxeiro en Galicia -o 55% das noites internacionais computan nesta provincia-.
- No ámbito dos apartamentos turísticos obsérvase un comportamento variable a nivel de mercados. Así, o incremento global observado nesta tipoloxía débese á dinámica positiva do turismo de ámbito nacional, que supera nun 26% o nivel de demanda do pasado ano. Descende, en cambio, o internacional -nun 23% neste caso-.



- Con 1,7 noites de estadía media a provincia de A Coruña sitúase neste mes no contorno do valor medio do conxunto da comunidade, ficando ademais cun valor parello ao do pasado ano. Sitúase por debaixo da cifra rexistrada en Ourense e Pontevedra, superando unicamente o valor de Lugo.
- Os apartamentos turísticos –con dúas noites de media- rexistran os valores máis elevados de toda a oferta de aloxamento. As restantes modalidades fican por debaixo das dúas noites –con 1,7 noites os hoteis, 1,5 noites as pensións e os cámpings, e 1,4 noites os aloxamentos de turismo rural–.
- En termos comparativos os aloxamentos de turismo rural da provincia de A Coruña rexistran a cifra de estadía media máis baixa de toda a comunidade.
- En termos de ocupación rexístrase unha evolución parella á observada do lado da demanda. Así, neste mes sobe e mellora a porcentaxe do pasado ano en todas as tipoloxías agás nas pensións, que rexistran unha perda de algo máis de seis puntos porcentuais.
- O nivel de ocupación increméntase de forma variable, con algo máis de dous puntos nos apartamentos turísticos, arredor de catro puntos nos hoteis e aloxamentos de turismo rural, e máis de seis puntos nos cámpings.
- Os hoteis rexistran neste mes a cifra de ocupación máis alta cun 53,9% de media. As demais tipoloxías sitúanse en valores inferiores e variados, cun 37,3% as pensións, cun 26% os apartamentos turísticos e aloxamentos de turismo rural, e cun 14,3% os cámpings –tipoloxía que marca a porcentaxe máis baixa de toda a oferta–.
- Todas as modalidades agás os apartamentos turísticos rexistran en A Coruña o nivel de ocupación máis alto de toda Galicia.



PROVINCIA DE LUGO

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	%	Var. Int. 25/24
HOTEIS	52.456	2,2%	86.653	1,9%	1,65	-0,3%	47,29%	3,92
PENSIÓNS	34.638	34,5%	44.294	20,9%	1,28	-10,1%	35,29%	3,26
ESTAB. HOTELEIROS	87.094	13,0%	130.947	7,6%	1,50	-4,7%	42,41%	3,22
APTOS. TURÍSTICOS	7.422	32,4%	20.659	50,3%	2,78	13,5%	27,45%	6,85
TURISMO RURAL	3.532	-28,2%	5.434	-22,3%	1,54	8,3%	16,63%	0,78
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	10.954	4,0%	26.093	25,8%	2,38	20,9%	-	-
TOTAL	98.048	11,9%	157.040	10,3%	1,60	-1,5%	-	-

- O INE non ofrece datos de cámpings para a provincia de Lugo. Neste caso o balance global da demanda turística realízase sobre as catro tipoloxías restantes: hoteis, pensións, apartamentos turísticos e establecementos de turismo rural.
- En Lugo rexístranse neste mes de outubro 98 mil viaxeiros aloxados e 157 mil pernoctacións no conxunto da oferta de aloxamento considerada, cifras que superan os valores do mesmo período do pasado ano. En particular, a cifra de viaxeiros aloxados sobe un 12% e o volume de noites un 10%, circunstancia que acontece nun contexto de leve caída da estadía media.
- Neste sentido Lugo presenta o mellor comportamento da demanda a nivel de Galicia por canto é a única provincia na que sobe tanto a cifra de viaxeiros aloxados coma o número de noites.
- O 83% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 55% nos hoteis e un 28% nas pensións-. O 17% restante corresponde ao ámbito non hoteleiro no que destacan claramente os apartamentos turísticos pois absorben o 13% do total –o segmento de turismo rural fica co 4% restante-. Esta distribución cambia en relación á observada no verán mais aseméllase ao rexistrado en meses anteriores, e tamén en setembro, reforzándose o peso do segmento hoteleiro –principalmente dos hoteis-.
- O bo comportamento da demanda turística na provincia de Lugo vén como consecuencia dos crecementos rexistrados en tres das catro tipoloxías de aloxamento consideradas. Sobe así o número de noites no ámbito hoteleiro –un 2% nos hoteis e un 21% nas



pensións- así como nos apartamentos turísticos -un 50% neste caso-. Contraponse a isto o descenso rexistrado no segmento de turismo rural, con caída do 22% no número de pernoctacións.

- Neste sentido Lugo é unha das provincias con mellor comportamento relativo da demanda nas pensións e nos apartamentos turísticos -presenta unha das taxas de crecemento máis altas de toda Galicia en ambas tipoloxías-.
- Con datos do sector hoteleiro -que presenta unha dinámica global positiva- apréciase neste mes un comportamento homoxéneo da demanda segundo a procedencia. Neste sentido increméntase o turismo dos residentes en Galicia -nun 12% en particular- así como dos que proveñen de fóra da comunidade -nun 4% do resto do Estado e nun 9% do estranxeiro-. Neste sentido Lugo é a provincia de mellor comportamento dos mercados interno -a única na que amosa unha dinámica positiva- e internacional -coa suba máis destacada a nivel territorial-.
- As diferenzas de intensidade no crecemento dos tres mercados leva a pequenos cambios na estrutura da demanda en Lugo en relación ao pasado ano, mellorando o peso do mercado interno -nun punto porcentual-, manténdose relativamente estable o internacional e perdendo cuota o receptor nacional -en algo máis dun punto neste caso-.
- Por sétima vez consecutiva neste ano o mercado receptor nacional sitúase como o segmento de maior volume e peso na provincia, absorbendo o 42% do total das noites hoteleiras. O interno supón o 29% -segmento que nos primeiros tres meses lideraba o mercado turístico na provincia- ficando o 29% restante para o internacional.
- No ámbito dos apartamentos turísticos obsérvase igualmente unha dinámica parella dos dous grandes segmentos de mercado. Así increméntase neste punto o turismo de ámbito nacional -preto dun 40%, absorbendo o 68% das noites- así como o internacional -en máis dun 80% neste caso-.
- A estadía media en Lugo descende en relación ao pasado ano -preto dun 2%- para situarse en 1,6 noites. Neste sentido, e por sétima vez consecutiva agora en 2025, presenta o valor máis baixo de toda Galicia.
- Con 2,8 noites de media os apartamentos turísticos rexistran a cifra máis alta da oferta de aloxamento na provincia. Marca distancia coas restantes tres modalidades que se sitúan en 1,6 noites -caso dos hoteis-, en 1,5 noites -os aloxamentos de turismo rural- e 1,3 noites -as pensións-. Os hoteis e as pensións marcan en Lugo o valor da estadía media máis baixo de todas as provincias neste mes de outubro.
- En termos de ocupación obsérvase un comportamento parello ao observado do lado da demanda. Así, increméntase nas tres modalidades con dinámica positiva do número de noites, en máis de tres puntos porcentuais nas pensións, en preto de catro puntos nos hoteis e en sete puntos nos apartamentos turísticos. No segmento de turismo rural, a pesar do forte descenso da demanda, o nivel de ocupación mantense relativamente estable.



- Os hoteis marcan a porcentaxe de ocupación máis alta neste décimo mes do ano, cun 47,3% de media. Cun valor inferior sitúanse as restantes tres tipoloxías, cun 35,3% as pensións, cun 27,5% os apartamentos turísticos e cun 16,6% de media os aloxamentos de turismo rural -rexistran a cifra máis baixa de toda a oferta de aloxamento-.



PROVINCIA DE OURENSE

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	%	Var. Int. 25/24
HOTEIS	26.596	-5,8%	54.184	-9,0%	2,04	-3,4%	40,31%	-4,00
PENSIÓNS	4.392	15,5%	7.576	-11,1%	1,72	-23,1%	15,48%	-0,61
ESTAB. HOTELEIROS	30.987	-3,3%	61.760	-9,3%	1,99	-6,2%	33,68%	-2,65
APTOS. TURÍSTICOS	1.448	95,1%	3.021	81,2%	2,09	-7,1%	25,74%	11,13
TURISMO RURAL	2.417	1,6%	4.132	-7,4%	1,71	-8,8%	17,97%	-0,24
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	3.865	23,8%	7.153	16,7%	1,85	-5,7%	-	-
TOTAL	34.852	-0,9%	68.913	-7,1%	1,98	-6,3%	-	-

- O INE non ofrece tampouco datos de cámpings para a provincia de Ourense. Neste caso o balance global da demanda turística realízase sobre as catro tipoloxías restantes: hoteis, pensións, apartamentos turísticos e aloxamentos de turismo rural.
- Ourense presenta neste mes un comportamento negativo da demanda turística. Neste sentido, o volume de noites cae un 7% como consecuencia do descenso da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados mantense relativamente estable -en sentido estrito cae preto do 1%, porcentaxe pouco significativa-. Con isto Ourense rexistra o peor comportamento da demanda en toda Galicia -presenta a caída de maior intensidade-. Tal circunstancia xa acontecera nos tres meses anteriores.
- Con 35 mil viaxeiros aloxados e 69 mil noites Ourense absorbe o 7% do total da demanda de Galicia. Neste sentido é a provincia de menor volume e peso neste mes de outubro, cunha porcentaxe superior á de xullo e agosto -cando representaba igualmente menos do 5% do total- e tamén á de setembro.
- En Ourense o 90% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro -un 79% nos hoteis e un 11% nas pensións-. O 10% restante corresponde ao segmento extrahoteleiro, cun peso inferior para os apartamentos turísticos -absorben o 4% do total- fronte ao segmento de turismo rural -representa o 6% neste caso-. Neste sentido Ourense é a provincia con maior peso, a nivel interno, dos aloxamentos de turismo rural e, pola contra, con menor peso dos apartamentos turísticos.
- O reparto da demanda entre as diferentes tipoloxías cambia levemente en relación ao observado nos últimos meses, consolidándose o forte peso do segmento hoteleiro -tres de cada catro noites en Ourense corresponden só aos hoteis-.



- En termos dinámicos obsérvase un comportamento negativo da demanda a nivel das tipoloxías. Neste sentido descende o volume de noites en todas elas, con intensidade variable, salvo no caso dos apartamentos turísticos -única modalidade que supera o nivel de demanda do pasado ano, en máis dun 80%-. As caídas roldan o 7% interanual nos aloxamentos de turismo rural e sitúanse no contorno do 10% nos hoteis e nas pensións. A pesar do baixo peso os apartamentos turísticos de Ourense rexistran a taxa de crecemento máis elevada de toda Galicia.
- Con datos do sector hoteleiro -que absorbe o 90% da demanda- obsérvase un comportamento algo dispar dos tres grandes segmentos de mercado. Neste sentido descende o turismo de ámbito nacional, nun 16% o interno -o dos residentes en Galicia- e nun 7% o que procede do resto do Estado. Incrementábase unicamente o internacional, nun 1% neste caso. Con isto Ourense colócase como a provincia de peor comportamento relativo do turismo interno neste décimo mes do ano -onde presenta as taxas de descenso máis acusadas-.
- Con esta dinámica a estrutura do mercado hoteleiro na provincia cambia en relación ao pasado ano, perdendo peso o mercado interno -en tres puntos porcentuais, rexistrando o 38% das noites-, e gañando cuota o receptor -en algo máis dun punto tanto aquel de orixe nacional, que lidera o mercado na provincia co 47% das noites, coma o internacional, que absorbe o 16% da demanda hoteleira neste caso-. Neste sentido Ourense é a provincia con maior peso do mercado interno e, paralelamente, a de menor peso do internacional.
- No ámbito dos apartamentos turísticos obsérvase un comportamento parello a nivel de mercados. Incrementábase así o turismo de ámbito nacional -en máis dun 80%- e o internacional -en case o triple neste caso-. O primeiro absorbe o 84% das noites.
- A estadía media en Ourense sitúase en dúas noites, cifra que descende un 6% en relación ao pasado ano. A pesar desta caída Ourense marca a cifra máis alta de todas as provincias neste décimo mes.
- Este mes aprécianse pequenas diferenzas no valor da estadía media segundo a tipoloxía de aloxamento. Rexistran o valor máis elevado os hoteis e os apartamentos turísticos, ambos con 2,1 noites de media. As dúas restantes modalidades fican con cifras inferiores, de arredor de 1,7 noites as pensións e os aloxamentos de turismo rural. En termos comparativos os hoteis e as pensións acadan en Ourense o valor da estadía media máis alto de toda Galicia.
- A dinámica dos niveis de ocupación é similar á observada do lado da demanda, con algún matiz concreto. Así mellora unicamente nos apartamentos turísticos -en máis de dez puntos porcentuais-, mantense relativamente estable nas pensións e no segmento de turismo rural, e descende unicamente nos hoteis -en catro puntos porcentuais neste caso-.
- Cun 40,3% de media os hoteis rexistran a cifra de ocupación máis elevada da oferta de aloxamento na provincia de Ourense. As restantes tres tipoloxías presentan unha porcentaxe inferior: do contorno do 26% os apartamentos turísticos, o 18% os aloxamentos de turismo rural e o 15,5% as pensións. Os hoteis e as pensións rexistran en Ourense o nivel de ocupación máis baixo de toda a comunidade, con marcada diferenza estas últimas.



PROVINCIA DE PONTEVEDRA

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	%	Var. Int. 25/24
HOTEIS	137.925	-4,9%	276.578	-6,8%	2,01	-2,1%	48,06%	2,65
PENSIÓNS	24.986	55,9%	32.108	22,3%	1,29	-21,5%	35,24%	6,20
ESTAB. HOTELEIROS	162.911	1,2%	308.685	-4,5%	1,89	-5,6%	46,31%	2,89
APTOS. TURÍSTICOS	6.562	-29,3%	17.844	5,0%	2,72	48,5%	22,04%	4,69
CAMPINGS	1.188	2,6%	1.742	-14,9%	1,47	-17,0%	12,09%	0,97
TURISMO RURAL	2.500	-26,3%	4.540	-24,8%	1,82	2,0%	12,78%	-1,36
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	10.250	-25,9%	24.126	-3,8%	2,35	29,8%	-	-
TOTAL	173.161	-1,0%	332.811	-4,4%	1,92	-3,5%	-	-

- O comportamento global da demanda turística en Pontevedra equivale ao observado en Ourense. Neste sentido descende o volume de noites neste décimo mes do ano -un 4,4%- nun contexto de caída da cifra de viaxeiros aloxados -do 1%- e da estadía media -un 3,5% neste caso-. Tal circunstancia deixa o nivel de demanda da provincia levemente por encima das cifras de 2019.
- O volume global de demanda sitúase en preto de 333 mil noites, o 34% do total da comunidade. Neste sentido Pontevedra sitúase novamente como a segunda provincia de maior peso en Galicia, por detrás e a certa distancia de A Coruña -despois de liderar o mercado turístico na comunidade no verán-. Ambas absorben o 77% do total das noites de Galicia -porcentaxe algo inferior á dos últimos meses-.
- O mal comportamento da demanda na provincia vén como consecuencia dos descensos rexistrados en tres tipoloxías de aloxamento. Cae así o número de noites nos hoteis -nun 7%-, nos cámpings -nun 15%- e no segmento de turismo rural -nun 25% neste caso-. Contraponse isto aos incrementos rexistrados nas dúas restantes modalidades, do 5% nos apartamentos turísticos e do 22% nas pensións.
- En Pontevedra concéntrase o crecemento de maior intensidade nas pensións de toda Galicia e, paralelamente, rexistra peor comportamento relativo nos cámpings e no segmento de turismo rural en toda a comunidade.




- O 93% da demanda corresponde aos establecementos hoteleiros, cifra que engloba aos hoteis –absorben o 83%- e ás pensións –co 10% neste caso-. O 7% restante queda no segmento extrahoteleiro, con maior peso para os apartamentos turísticos –absorben o 5,4% do total- fronte aos aloxamentos de turismo rural –co 1,4%- e os cámpings –supoñen apenas o 0,5% do total neste caso-.
- Con isto catro de cada cinco noites rexístranse nunha soa modalidade –os hoteis-, de aí que o seu comportamento teña unha notable influencia na dinámica global. Neste sentido Pontevedra é a provincia con maior peso dos hoteis na estrutura da demanda e, paralelamente, a que presenta menor peso das pensións e dos aloxamentos de turismo rural.
- A nivel de mercados, dentro do ámbito hoteleiro, rexístrase un comportamento algo diferente ao observado nas restantes provincias. En particular, descende o turismo de ámbito nacional –nun 8% tanto o interno como o que procede do resto do Estado- e increméntase o internacional –nun 5% neste caso-.
- A diferenza nas variacións da demanda provoca leves cambios na estrutura da mesma. Así neste mes perden peso os segmentos interno e receptor nacional –en menos dun punto o primeiro e en dous puntos o segundo- e increméntase o internacional –en case tres puntos neste caso-.
- Con todo, o segmento de maior peso na provincia continúa a ser o receptor nacional –españóis procedentes doutras comunidades autónomas-, que supoñen o 51% do total da demanda hoteleira –unha de cada dúas noites-. O mercado interno representa o 19% ficando o 30% restante para o internacional. En consecuencia neste mes, igual que na temporada media e en agosto e setembro, e a diferenza do observado en xullo, o mercado estranxeiro fica por encima do interno na provincia. Con esta estrutura Pontevedra é a provincia con maior peso do mercado receptor nacional, e paralelamente sitúase por debaixo de A Coruña en cuota de absorción do turismo internacional, recollendo o 30% do total de Galicia.
- No lado dos apartamentos turísticos, segmento no que o turismo nacional supón o 69% do total das noites, o comportamento dos dous segmentos de mercado é dispar. Crece así o turismo de ámbito nacional –nun 40%- mais descende o internacional –nun 33% neste caso-.
- A estadía media nos aloxamentos colectivos de Pontevedra sitúase en 1,9 noites, cifra superior á media da comunidade e que, en realidade, colócase como a segunda máis alta de todas as provincias. En termos dinámicos a estadía descende en relación ao pasado ano –nun 3,5%- así como en comparación co 2019 –nun 10% neste caso-.
- Neste contexto a estadía media varía segundo a modalidade de aloxamento. En particular, acada a cifra máis elevada nos apartamentos turísticos –con 2,7 noites de media-, mantense nas dúas noites nos hoteis e fica por debaixo desa cifra nas restantes tres modalidades –con 1,8 noites os aloxamentos de turismo rural, 1,5 noites os cámpings e 1,3 noites as pensións-.
- Os aloxamentos de turismo rural presentan en Pontevedra a cifra de estadía media máis alta de toda Galicia.




- En termos de ocupación obsérvase neste mes un comportamento algo diferente ao rexistrado do lado da demanda. Así, mellora o nivel de ocupación no segmento hoteleiro -en case tres puntos nos hoteis e en máis de seis puntos nas pensións- así como nos apartamentos turísticos -en algo máis de catro puntos neste caso-. Mantense relativamente estable nos cámpings e descende unicamente no segmento de turismo rural -en algo máis dun punto neste caso-.
- Tamén en Pontevedra os hoteis rexistran o nivel de ocupación máis elevado da oferta colectiva cun 48,1% de media. No lado contrario, a porcentaxe máis baixa sitúase no aloxamento extrahoteleiro, concretamente nos cámpings e nos aloxamentos de turismo rural -con arredor do 12% en ambos casos-.
- En termos comparativos obsérvase que as modalidades de aloxamento non hoteleiro -apartamentos turísticos, cámpings e turismo rural- presentan en Pontevedra a porcentaxe de ocupación máis baixa de todas as provincias.




Reparto da demanda turística nos alox. colectivos. Noites outubro 2025



Variación da demanda turística nos alox. colectivos. Noites outubro 2025/24



Reparto da demanda por tipoloxías, en cada provincia. Noites outubro 2025



Estadía media, por tipoloxía e provincia. Outubro 2025

